



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

EXPTE: 1221/1102

Antecedentes

En data 25/05/2022, dona [REDACTED] presenta solicitude de acceso á información pública relativa a:

- Copia da autorización autonómica para o acceso á edificación onde se ubica o parque municipal de bombeiros sito na estrada PO-325, Avenida Ricardo Mella, número 180, do Concello de Vigo en su caso, informe acreditativo da inexistencia da mesma.
- Copia da licenza municipal de vado e informe de inspección levado a cabo para a súa concesión respecto de dito inmovible; ou no seu caso , informe acreditativo da inexistencia de la misma.

En data 26.05.2022 solicitouse mediante trámite NNT á área de Seguridade e Mobilidade a emisión de informe no prazo de dez días, conforme ao disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo, así como, de ser o caso, documentación complementaria.

En data 6.07.2022 tivo entrada no rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de informe previo por parte da Comisión de Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno por dona [REDACTED] fronte á desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 25 de maio de 2022 de acceso a información pública dese concello sobre á licenza de vao de acceso ao parque de bombeiros de Coruxo.

En data 8.08.2022 requiriuse á Area de Seguridade novamente para que no prazo improrrogable de CINCO DÍAS por parte da Área de Seguridade e Mobilidade se emita informe respecto da solicitude de acceso a información.

En data 17.08.2022 emítese informe do Servizo de Seguridade

En data 2.09.2022, a vista do informe emitido, requiriuse ao Servizo de Seguridade a emisión de novo informe motivado respecto da solicitude de acceso á información formulada por [REDACTED] en data 25/05/2022 no que se especifique, de ser o caso, a causa de inadmisión da solicitude de acceso a información segundo o artigo 18 da LTAIBG e criterios interpretativos do CTBG ou pola contra remita a información solicitada previa aplicación dos límites se procede (artigo 14) e respecto a protección de

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 1 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

datos (artigo 15).

En data 5.09.2022 a Comisión de Transparencia de Galicia remite ao Concello resolución do recurso de reposición polo que se estima a reclamación presentada por dona [REDACTED] [REDACTED] contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 25 de maio de 2022, de acceso á licenza de vao que da acceso ao parque de bombeiros de Coruxo e insta ao Concello para que no prazo máximo de 10 días hábiles responda a petición de información.

En data 6.10.2022 requiriuse á Xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade para que no prazo de cinco días hábiles emita informe achegando a documentación solicitada (licenza de vao que da acceso ao parque de bombeiros de Coruxo.)

En data 17.10.2022 requiriuse novamente á Xefatura da Área de Seguridade e Mobilidade para que no prazo de tres días hábiles emita informe achegando a documentación solicitada (licenza de vao que da acceso ao parque de bombeiros de Coruxo.)

En data 21.10.2022 emitíuse informe do Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do dereito de acceso a información pública.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.* No mesmo senso o artigo 13.d da LPAC.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 2 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-

A Sr. ██████ solicita acceso a información pública respecto da autorización autonómica e licenza de vado para o acceso á edificación onde se ubica o parque municipal de bombeiros sito na estrada PO-325, Avenida Ricardo Mella, número 180. A estos efectos consta informe de data 21/10/2022, da Xefatura da área de Seguridade e Mobilidade

"Primeiro.- O 25 de maio de 2022 D^a ██████ solicitou información relativa ao expediente de autorización autonómica do acceso desde o parque provisional do SPEIS á carretera autonómica PO-325 Vigo-Ramalloza, no tramo urbano denominado Avenida de Ricardo Mella, 180, e do informe do inspector relativo ao acceso.

Segundo.- A solicitude tramitouse como acceso a información pública, competencia a Secretaria do Goberno Local e da Concellería de Xestión Municipal, dando lugar ao expediente 1221/1102.

Terceiro.- Presentada reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia fronte á desestimación por silencio da súa solicitude, por Resolución de 27 de setembro de 2022 se estima outorgando o prazo de dez días ao Concello para contestar á solicitude.

Cuarto.- No mes de xuño de 2021, a concelleira delegada de Seguridade acordou o traslado do parque auxiliar do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento existente no estadio municipal de Balaídos ao edificio municipal sito en Ricardo Mella 180, de uso dotacional público, con carácter provisional.

Quinto.- O expediente do traslado do parque non precisou da tramitación de ningunha autorización de acceso desde o inmueble municipal en que ten sede o novo parque provisional á Avenida de Ricardo Mella (Estrada PO-325).

Sexto.- Tampouco se construiu ningún acceso novo desde o inmueble municipal á Avenida de Ricardo Mella.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 3 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Simplemente, aproveitouse o acceso xa existente desde cando menos a época de funcionamento da antiga estación depuradora de augas residuais de Vigo (EDAR), no que o edificio actualmente utilizado como parque provisional do SPEIS cumpría a función de estación de control.

A nova EDAR ten fundamento nun Convenio do ano 2007 entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o organismo autónomo estatal ACUANORTE.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Da posible concorrencia de causa legal de inadmisibilidade advertida no expediente.

1º.1 Dª [REDACTED] solicitou o 21/09/20, e viu desestimada, autorización de acceso desde o seu local da Avenida de Galicia á rúa (Expte: 116.248/210).

Presentado recurso contencioso-administrativo contra a desestimación expresa do recurso de reposición, foi igualmente desestimado por Sentenza de 17/02/22 (P.A. 317/21).

A Sentenza contén un severo reproche á conducta da recorrente, que en vía de recurso de reposición e logo como proposición de proba na vía xudicial, pretendeu acceder a un amplísimo número de expedientes de vados seleccionados polo único criterio da pura crenza subxectiva e caprichosa da existencia de irregularidades na súa concesión, en canto non coinciden co seu parecer sobre os requisitos legalmente establecidos.

1º.2 Dª [REDACTED] solicitou, e viu inadmitida por Resolución da Concelleira de Xestión Municipal de 19/08/22, o acceso á información pública relativa a todas as licencias de vados concedidas polo Concello no treito da Avenida de Galicia comprendido entre a rúa Buenos Aires e a rúa Subida a Paraixa (Expte: 127197-210).

Asimesmo, solicitou, e viu inadmitida, a solicitude de acceso á información pública das licencias de vado outorgadas a 32 locais da Avenida de Madrid (Expte: 125271/210).

1º.3 O art. 18.1 e) da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno dispón que se inadmitirán a trámite mediante resolución motivada as solicitudes

"Que sean manifestamente repetitivas o tengan un carácter abusivo no justificado con la finalidad de transparencia de esta Ley".

1º.4 O abuso de dereito está regulado no art. 7.2 do Código Civil que dispón

"La ley no ampara el abuso del derecho o el ejercicio antisocial del mismo. Todo acto u omisión que por la intención de su autor, por su objeto o por las circunstancias en que se realice sobrepase manifestamente los límites normales del ejercicio de un derecho, con daño para tercero, dará lugar a la correspondiente indemnización y a la adopción de las medidas judiciales o administrativas que impidan la persistencia en el abuso".

1º.5 La Sentencia de la Sala Primera del Tribunal Supremo 159/2014 (RC 701/2012) establece no seu FX 7º que

"La doctrina del abuso de derecho se sustenta en la existencia de unos límites de orden moral, teleológico y social que pesan sobre el ejercicio de los derechos, y como institución de equidad, exige para poder ser apreciada, una actuación aparentemente correcta que, no obstante, representa en realidad una extralimitación a la que la ley no concede protección alguna, generando efectos negativos (los más corrientes, daños y perjuicios),

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 4 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

al resultar patente la circunstancia subjetiva de ausencia de finalidad seria y legítima, así como la objetiva de exceso en el ejercicio del derecho, exigiendo su apreciación una base fáctica que proclame las circunstancias objetivas (anormalidad en el ejercicio) y subjetivas (voluntad de perjudicar o ausencia de interés legítimo)" [[Sentencia 567/2012, de 26 de septiembre](#), con cita las anteriores sentencias de 1 de febrero de 2006 y 383/2005 , de 18 de mayo].

La formulación de los presupuestos para la apreciación del abuso de derecho, prácticamente no han cambiado desde aquella Sentencia de 14 de febrero de 1944 . Así, recientemente y con cita de otras anteriores, en la Sentencia [690/2012, de 21 de noviembre](#), recordamos que "para apreciar el abuso del derecho es precisa la concurrencia de los siguientes requisitos: a) el uso de un derecho objetivo y externamente legal; b) daño a un interés, no protegido por una específica prerrogativa jurídica, y c) la inmoralidad o antisocialidad de ese daño, manifestada en forma subjetiva (ejercicio del derecho con intención de dañar, con "animus nocendi"), o en forma objetiva (ejercicio anormal del derecho, de modo contrario a los fines económico-sociales del mismo) [Sentencias [455/2001, de 16 de mayo](#), y [722/2010, de 10 de noviembre](#)], ya que, en otro caso, rige la regla "qui iure suo utitur neminem laedit" (quien ejercita su derecho no daña a nadie)".

1º.6 No expediente consta informe razoado da Xefa do Servizo de Seguridade de 17/08/22 interesando a declaración de inadmisión da solicitude por manifesto abuso de dereito contrario á finalidade de transparencia garantida pola lei.

1º.7 O expediente de reposición da legalidade urbanística en trámite incoado pola Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia notoriamente non ten por obxecto o acceso rodado desde o edificio á Avenida de Ricardo Mella, senon unicamente o novo uso provisional dese edificio municipal como parque de bombeiros.

1º.8 A finalidade de transparencia da lei radica aquí cabalmente no acceso á información pública.

1º.9 Con ocasión da súa solicitude de acceso tramitada no expediente municipal 116248/210, desestimada e confirmada a desestimación en firme pola xurisdicción contencioso-administrativa, Dª ██████████ ten solicitado acceso a un total de 63 expedientes de vados individualizados, ao que engadiu todos os existentes nun amplo treito da rúa Avenida de Galicia.

1º.10 O exercicio do dereito de acceso á información pública non precisa de motivación singular. Pero o seu recoñecemento legal presupón un exercicio normal do mesmo.

1º.11 Baixo a aparencia formal do puro exercicio do dereito de acceso, Dª ██████████ proxecta unha pretensión de pesquisa de carácter xeral sobre unha infinidade de autorizacións de vados na cidade, que con toda evidencia recollen e/ou presupoñen feitos discretos (construcción dos edificios residenciais e comerciais e a ocupación dos mesmos, desocupación por cese de actividade, e no seu caso volta posterior á actividade, etc.) regulados por normas e practicas administrativas normalmente ben diversas.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 5 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non é difícil sustraerse á idea subxacente: contrastar os correspondentes expedientes co criterio seguido para a desestimación administrativa e xudicial firme da súa solicitude.

Pero, é posible integrar ese obxecto no dereito de acceso á información pública?

A xuízo do funcionario asinante, concorren acumulativamente os tres requisitos do abuso de dereito: intención e obxecto espurios, e exercicio desmesurado.

Segundo.- Das normas sobre accesos aplicables ao tempo de iniciarse o uso do edificio.

Xa quedou dito que o expediente da APLU da Xunta de Galicia non ten por obxecto máis que o propio novo uso provisional do edificio, sen mención algunha ao acceso á Avenida de Ricardo Mella.

Quedou dito tamén que o novo uso non implicou obra ou autorización do titular da vía, senon que se aproveitou o acceso xa existente.

A autorización do titular da vía rixe unicamente desde o 01 de xaneiro de 2022 (art. 26 sete da Lei 18/2021 de Galicia de medidas fiscais e administrativas de modificación da Lei 8/2013 de Carreteras de Galicia).

CONCLUSIÓN

1º.- A solicitude de D^a. [REDACTED] obxecto do expediente 1221/1102 sobre acceso á Avenida de Ricardo Mella desde o edificio municipal existente no número 180 da citada vía constitúe un suposto legal de abuso de dereito.

2º.- Non obstante o anterior, se informa que o novo uso provisional desde o 08 de xuño de 2021 do edificio municipal existente no número 180 da Avenida de Ricardo Mella non deu lugar a obra nin a solicitude de autorización algunha.

Simplemente, aproveitouse o acceso xa existente.

E a normativa vixente unicamente exige a autorización de acceso do titular da vía a partir do 01 de xaneiro de 2022. "

A vista do informe conclúese que a información solicitada, autorización autonómica e licenza de vado - non consta no servizo polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG e polo tanto non pode ser facilitada.

TERCEIRO.- Da inadmisión.-

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general."

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 6 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.)

E por isto polo que procede inadmitir a solicitude formulada en tanto que o concello carece de dita información.

CUARTO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude formulada por [REDACTED] 18.1.a) da LTAIBG.

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á Comisión de Transparencia de Galicia

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 7 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:22	Páxina 8 de 8
1221-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		